

JACKIE KAY

Trompeta

Traducido por María Reimóndez



Hugin e Munin

FOGAR

Descorro a cortina un milímetro e vexo as súas cabezas arrexuntadas. Non teño nin idea de canto tempo levan aí. Cae a noite. Sigo agardando que se evaporen, dese xeito sabería que só son produto da miña imaxinación. Sabería que son figuracións miñas, igual que o foi a miña vida. Mais seguen aí, levan roupa de verdade e non se molestan en ocultarse. Cada vez que lles boto unha ollada ás fotografías dos xornais, parezo irreal. Non me asemello en nada á lembranza que gardo de min. Agora síntome estraña. Ser eu era antes algo tan sólido... Era doado, indoloro.

Debo regresar ao noso cubil e ficar gorecida de todo isto. Os animais gozan de máis sorte, poden afundir a cabeza na area, agochar a cabeza no peleso, finxir que nin cabeza teñen. Sinto dor no lugar do que se queixou o Joss durante meses. Unha dor punzante no costado esquerdo. Aínda habemos morrer do mesmo!

Unha vez vin unha película, *Double Indemnity*², na que un home grava a súa historia nunha fita, mentres

²Refírese á película de Billy Wilder de 1944 (ou ben ao seu *remake* de 1974) na que un vendedor de seguros, Walter Neff, chega cunha

está a morrer, sen alento. Síntome coma el. Só que eu non matei a ninguén. Eu non fixen nada malo. Se fose gravar unha fita, sería para Colman.

Saín subrepticamente da miña casa en metade da noite, co corazón a bater coma se fose unha ladra. Ninguén a asexar. Conducín cara á amencida. O alivio ao cruzar a fronteira de Escocia. Baixei as fiestras para respirar un aire diferente. Estou desfeita. Os últimos dez días, cada mañá agardaba alguén diante da miña casa con cámaras e preguntas. Nos xornais, vin as fotos máis horribles de min con pinta de tola e aoulada. Madía leva! Como non vas parecer demente se hai *paparazzi* espreitándote detrás da tulla da túa casa que saen de súpeto e disparan a cámara en canto apareces. E logo que outra pinta ías ter?

Mesmo agora, o son das cámaras, coma o refoleo dunha metralleta, segue resoando no interior da miña cabeza. Non son quen de liberarme dese ruído, tanto ten o que faga. Óíoo por enriba da música, por enriba dunha billa aberta, por enriba do chifro da teteira... As balas rápidas das cámaras. Os seus dedos no gatilho, non o levantan até que rematan o carrete, até que me acaban de disparar unha e outra e outra vez. Detéñense uns frenéticos segundos brevísimos, recargan o

ferida de bala á oficina e usa un ditáfono para gravar unha confesión para o seu amigo Barton Keyes. O título refírese ao seguro con «indemnización dobre ou responsabilidade adicional» se a persoa morre en circunstancias estrañas. Trátase dun dos primeiros filmes clásicos do cine negro estadounidense que introduce os asasinatos non relacionados coa mafia e a figura recorrente e fundamental para o imaxinario patriarcal da muller fatal, intrigante e instigadora.

